



Concello de Ribadavia

**SERVICIO MUNICIPAL
EXTINCIÓN DE INCENDIOS,
SALVAMENTO E OUTROS**



Ante posibles emerxencias orixinadas por choivas intensas, convén adoptar unha serie de **medidas previas** que axuden a evitar, ou, ó menos, mitigar os efectos das mesmas.

Entre as medidas que debe **adoptar na súa vivenda**, convén ter en conta, sobre todo si se vive en áreas de risco de inundación, **a precaución de**

- Retirar do exterior da vivenda, aqueles obxectos que poidan ser arrastrados pola auga.
- Revisar, cada certo tempo, o estado do tellado, o das baixadas de auga de edificios e os desaugues próximos.
- **Si chegara a inundarse a vivenda, é fundamental abandonar canto antes os sótanos e plantas baixas e desconecta-la enerxía eléctrica utilizando, preferentemente, lanternas para o alumado.**
- **Coloca-los documentos importantes, maquinaria, electrodomésticos e, sobre todo, os produtos perigosos, naqueles lugares da casa nos que o risco de que se deterioreen pola humidade ou se derramen, sexa menor.**
- Conduza os animais domésticos a lugares altos e protexidos
- Non estacionar vehículos nin acampar en canles secos, nin á beira de ríos, para evitar ser sorprendido por unha súbita crecida de auga ou por unha riada.
- Si ten que viaxar, procure circular, preferentemente, por estradas principais e autopistas.
- Manterse permanentemente informado a través da radio, e outros medios de comunicación, das prediccións meteorolóxicas e o estado da situación.

RECORDE

As medidas de **prevención** axudan a reduci-lo dano que pode derivarse dos desastres.

En caso de emerxencia, coñecer algunhas pautas de **autoprotección**, axuda a tomar decisións que poden favorecer tanto á súa seguridade como a dos demais.